

COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 5481/106

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DA INSTALACIÓN DE ELEMENTOS VEXETAIS E NON VEXETAIS PARA A DECORACIÓN DURANTE AS CAMPAÑAS DO NADAL

1.-OBJECTO

O obxecto do contrato é a subministración e o servizo para a instalación, iluminación, mantemento, reposición, conservación, transporte, carga, descarga dos elementos decorativos durante as campañas do Nadal segundo o proxecto decorativo de ornamentación redactado polo arquitecto Marcos Mosquera Arjona (expediente 5277/106) así como a redacción do proxecto decorativo de ornamentación da segunda e sucesivas anualidades.

En cumprimento do art. 28 da lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), os aspectos relacionados coa “natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido”, atópanse acreditados na correspondente xustificación da necesidade e idoneidade, anexa a este expediente e asinada con data 07/06/2018, e tamén no PPTP que forma parte deste expediente.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias previstas no art. 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, así como o decreto de delegación de competencias do Alcalde nos Concelleiros de 19 de xuño de 2015, no que se atribúe a esta concellería a dirección das actuacións en materia de promoción, dinamización, fomento e desenvolvemento do pequeno e mediano comercio, tal e como se sinala no informe de necesidade e idoneidade.

O contrato, polo seu obxeto, é un contrato mixto, previsto no artigo 18 da LCSP.

1.1.- NECESIDADES A SATISFACER POLA ADMINISTRACIÓN

En cumprimento do art. 28 da lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), os aspectos relacionados coa “natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido”, atópanse acreditados na correspondente xustificación da necesidade e idoneidade, anexa a este expediente e asinada con data 07/06/2018, e tamén no PPTP que forma parte deste expediente.

Asemade, de conformidade cos informes do autor do proxecto de data 28/06/2018 e do xefe da Área de Servizos Xerais de data 28/06/2018, se cumpren con todos os requisitos e especificacións técnicas que se regulan nos artigos do 124 ao 126 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias previstas no art. 25.1 da Lei



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/07/2018 10:30

Páxina 1 de 26

Expediente 5481/106

CSV: 2DE75H-B8B15E-3AA63H-AU3NAB-RPG86S-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 5481/106

7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, así como o decreto de delegación de competencias do Alcalde nos Concelleiros de 19 de xuño de 2015, no que se atribúe a esta concellería a dirección das actuacións en materia de promoción, dinamización, fomento e desenvolvemento do pequeno e mediano comercio, tal e como se sinala no informe de necesidade e idoneidade.

O contrato, polo seu obxecto, é un contrato mixto, previsto no artigo 18 da LCSP.

1.2.- LOTES

Se establecen dous lotes atendendo as características técnicas e singularidades de cada un deles así, o lote nº1 intégrase por elementos vexetais e elementos de madeira e fibra de vidro que representan escenas navideñas e, o lote nº2 por elementos compostos dunha estrutura metálica xeométrica cuberta íntegramente de iluminación led :

- **LOTE nº 1** de nove actuacións identificadas no proxecto decorativo ao longo da rúa Príncipe e rúas aledañas dando cunha continuidade ornamental ao conxunto polo importe de **144.457,99 €** (que inclúe un IVE de 25.069,83 €).

- **LOTE Nº 2** de dúas actuacións identificadas no proxecto decorativo e instalación na intersección da rúa Príncipe con Eduardo Iglesias e Avenida Gran Vía con Urzaiz, polo importe de 196.000 € (que inclúe un IVE de 34.016,53 €).

Os licitadores poderán presentar ofertas para ámbolos dous lotes.
A solvencia esixida será a determinada no apartado 8 da presente Memoria.

2.- XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Ausencia de medios materiais e persoais propios do servizo de Comercio e resto dos servizos municipais do Concello de Vigo en xeral, debendo externalizar a prestación con empresas especializadas do sector.

3.-PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

Dado que o obxecto do contrato consiste na subministración e o servizo para a instalación, iluminación, mantemento, reposición, conservación, transporte, carga, descarga dos elementos decorativos durante as campañas do Nadal segundo o proxecto decorativo de ornamentación redactado polo arquitecto Marcos Mosquera Arjona (expediente 5277/106) así como a redacción do proxecto decorativo de ornamentación da segunda e sucesivas anualidades, se require o seu tratamento contractual conxunto como unha única unidade funcional aos efectos de conquistar un maior nivel de eficacia e eficiencia para os intereses públicos.

Concello de Vigo-servizo de Comercio 36202-Vigo-Tlf.986.810.153 -E-mail:jose.hermida@vigo.org páxina 2 de 26



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/07/2018 10:30

Páxina 2 de 26

Expediente 5481/106

CSV: 2DE75H-B8B15E-3AA63H-AU3NAB-RPG86S-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
 PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

**CONCELLO
DE VIGO**



EXPEDIENTE: 5481/106

A devandita execución e redacción do proxecto, deberá axustarse ao prego de prescricións técnicas asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais na data 05/07/2018 e, asemade a execución da primeira anualidade, ao proxecto que se achega proporcionado polo Concello de Vigo e redactado polo arquitecto Marcos Mosquera Arjona (expediente 5277/106).

Dito proxecto informouse favorablemente polo arquitecto municipal en data 08/06/2018, polo xefe da Área de Servizos Xerais na data 28/06/2018 e conformado polo centro xestor de Comercio en data 08/06/2018 (expediente 5277/106), proxecto e informes que se achegan ao presente expediente.

Polo anteriormente exposto propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través dun **contrato mixto, de servizos e subministro** en réxime de aluguer, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración.

Atendendo ao volume das actuacións definidas anteriormente, debe considerarse que os servizos e traballo do proceso decorativo, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos decorativos instalados, ten unha incidencia aproximada no orzamento total do contrato dun 17,51 % do custe, mentres que os procesos derivados da subministración en réxime de aluguer dos diversos elementos decorativos estímase nun 82,49% do custe total do contrato.

O importe do valor estimado do contrato determina a súa tramitación como un procedemento aberto. A forma de tramitación é ordinaria.

4.- PREZO, ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.

Prezo anual.- **340.459,67 €**, que inclúe un IVE de 59.088,04 €.

Prezo Total (2 anualidades).- **680.919,34 €**, que inclúe un IVE de 118.176,08 €

XUSTIFICACIÓN DO PREZO:

Tómanse como referencia as medicións e orzamento anual contidos no proxecto decorativo que se achega ao expediente para a tempada 2018/2019, os cales se xustifican atendendo aos custes de produción fixados na base de datos de construción de Galicia (DDCGalicia) e á base de datos de construción PRECIOCENTRO do Gabinete técnico do Colexio Oficial de apareladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros da edificación de Guadalajara así como a vida útil e valor residual dos elementos decorativos.

LOTE 01

Ref.	Referencia	Cantidade	Importe €
SET 01	Caseta do Papa Noël de madeira con torreón, coroa de flores e mobiliario interior	1	17.142,87



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/07/2018 10:30

Páxina 3 de 26

Expediente 5481/106

CSV: 2DE75H-B8B15E-3AA63H-AU3NAB-RPG86S-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 5481/106

SET 02	Bonecos Cantores de panxoliñas con director orquesta	1	15.321,85
SET 03	Poboado de Nadal	1	16.894,74
SET 04	Medianas vexetais con bonecos de neve	1	13.761,35
SET 05	Farol xigante con escena interior	1	6.467,98
SET 06	Camelo real	1	9.248,58
SET 07	Libro xigante con escena do Nadal	1	14.489,93
SET 08	Tren con letras do Nadal	1	18.219,98
SET 09	Ambientación do Nadal Praza da Constitución	1	4.155,20



COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 5481/106

Imprevistos			
Redacción proxecto decorativo de execución	1		3.677,68

Orzamento de execución por contrata	119.388,16
LOTE 01	
21%IVE	25.069,83
Total LOTE 01	144.457,99

Concello de Vigo-servizo de Comercio 36202-Vigo-Tlf.986.810.153 -E-mail:jose.hermida@vigo.org páxina 5 de 26



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/07/2018 10:30

Páxina 5 de 26

Expediente 5481/106

CSV: 2DE75H-B8B15E-3AA63H-AU3NAB-RPG86S-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

LOTE 02

Ref.	Referencia	Cantidad	Importe €
SET 10	Boneco de neve con iluminación pixel led RGB programable	1	65.080,25
SET 11	Caixa de agasallo xigante con iluminación pixel led programable	1	96.903,22

Orzamento de execución por contrata LOTE 02	161.983,47
21% IVE	34.016,53
Total LOTE 02	196.000,00

Orzamento TOTAL	281.371,63
21% IVE	59.088,04
TOTAL ANO	340.459,67

Concello de Vigo-servizo de Comercio 36202-Vigo-Tlf.986.810.153; -E-mail:jose.hermida@vigo.org páxina 6 de 26



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/07/2018 10:30

Páxina 6 de 26

Expediente 5481/106

CSV: 2DE75H-B8B15E-3AA63H-AU3NAB-RPG86S-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

PREZOS UNITARIOS

En canto aos prezo unitarios, remítese ao apartado de medicións e orzamento incluídos no proxecto decorativo que se achega ao expediente.

4.B.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

Orzamento (con IVE): 680.919,34 €

4.C.- VALOR ESTIMADO

Importe (sen IVE): 562.743,26 €

Prazo de vixencia: 2 anos

Prorrogas: 2 (1+1)

Modificación: non se prevé.

Total VE: 562.743,26 € + 281.371,63 €+ 281.371,63 € = 1.125.486,52 €

O valor estimado calculouse sumándolle o importe de cada prórroga que se contemplan ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custos laborais e por canto neste contrato non se prevén modificacións.

5.- REVISIÓN DE PREZOS

Conforme ao artigo 103 da LCSP, no presente contrato non procede a revisión de prezos.

6.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO

O presente contrato ten a condición de gasto plurianual, xa que o inicio do contrato está previsto para o mes agosto e a súa finalización co proceso de desmonte e a tramitación do novo proxecto previsto para para o mes de xullo do ano seguinte, polo cal para a súa financiación aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo distribuído nos dous exercicios económicos que abrangue o período contractual da campaña de nadal, imputando un 80 % ao primeiro exercicio económico e un 20% con cargo ao segundo exercicio, contra a seguinte partida:

4310.2279902, "Plan de dinamización comercial"

En relación á estimación do inicio do contrato e a súa execución, estímase a seguinte distribución orzamentaria por anualidades:

2018.- 272.367,74 €

2019.- 340.459,67 €

2020.- 68.091,93 €

O gasto proposto establécese tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo ao cumprimento da esixencia do artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de



xestión dos créditos do orzamento do Concello de Vigo dentro do programa orzamentario "4310". Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive deste, xa que esta ten a consideración da execución da prestación dun servizo e dun subministro en réxime de aluguer delimitado e de carácter finalista para o Concello.

7.- PRAZO DE VIXENCIA, EXECUCIÓN E PRORROGA

7.1.- Prazo de vixencia: 01/08/2018 ao 31/07/2020

De conformidade co artigo 29.4 da LCSP e, atendendo a periodicidade anual das campañas de nadal, a complexidade técnica da prestación, a eficiencia da mesma en relación ca amortización dos custes que posibiliten un menor prezo de contrato para a Administración e, a necesidade de incorporar nova decoración nas sucesivas anualidades, a excepción do lote nº 2 que se renovará na terceira anualidade, a duración prevista do contrato será de **DOUS ANOS** coa posibilidade de **prorrogar por DOUS ANOS máis (1+1)**, previa presentación polo adxudicatario ao servizo de Comercio do proxecto da correspondente campaña anual.

7.2.- Prazos de execución :

Conforme ao anterior, o prazo de execución divídese en dous períodos perfectamente definidos, que corresponderán coa tempada de Nadal. Así, o prazo de execución da prestación do servizo comezará o 01 de agosto do ano en curso e rematará o día 31 de xullo do ano 2020, conforme ao seguinte programa de execución.

- Período de planificación da montaxe: antes 15 de agosto do ano en curso a empresa deberá entregar ao servizo de Comercio para a súa aprobación a planificación e programación da montaxe das instalacións.
- Período de montaxe.- do 01 de novembro ata unha semana antes do inicio da campaña de nadal .
- Período de probas: Será dunha semana antes do inicio da campaña de nadal e inicio da exposición pública da ornamentación, previsto para a terceira semana de novembro do ano en curso e, previa notificación da data e período realizada polo servizo de Comercio.
- Período de ornamentación: desde a data do inicio da campaña de Nadal ca exposición e acendido da ornamentación á de remate prevista para o 7 de xaneiro do seguinte ano.
- Período de desmonte: dende o día 8 ao 15 de xaneiro seguinte.
- Período de presentación do novo proxecto decorativo das sucesivas



anualidades: O adxudicatario con data límite do 31 de marzo presentará o novo proxecto decorativo que na segunda anualidade será con diferentes elementos de similares características ao proxecto inicial pero de temática distinta en relación ao lote nº 1 e, se manterá con respecto ao lote nº 2. Nas seguintes anualidades, o proxecto deberá conter nova proposta de diseño con respecto aos dous lotes.

Os prazos parciais de execución dos servizos obxecto deste contrato poderán ser modificados polo órgano de contratación en resolución motivada cando se produza un incumprimento parcial de algún dos prazos de execución por causas non imputables ao contratista, debido a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles.

7.3.- Prazos de prorroga:

O contrato poderá prorrogarse por un máximo de **DOUS ANOS (1+1)** previo acordo expreso do órgano de contratación, a proposta do servizo de Comercio, e previa presentación ao contratista polo Concello dun novo proxecto decorativo de similares características ás do proxecto inicial:

1ª.- 01/08/2020 ao 31/07/2021

2ª.- 01/08/2021 ao 31/07/2022

Durante dos devanditos períodos será condición preceptiva manter a calidade do proxecto decorativo do período inicial, na que se terán en conta, como mínimo, as condicións particulares descritas no apartado 7.4.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o adxudicatario sempre que o seu preaviso por parte do Concello de Vigo se produza polo menos antes do **31 de maio** da correspondente anualidade (dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato).

7.4.- Obrigas do adxudicatario/s

1. Presentar no Rexistro Xeral do Concello un Plan de Seguridade e Saúde con carácter previo o inicio do período de montaxe. Será elaborado de acordo co disposto na Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e a súa normativa de desenvolvemento. O órgano de contratación deberá aprobalo no prazo dos cinco días seguintes a súa presentación, previo informe favorable do responsable do contrato.
2. Presentar no Rexistro Xeral do Concello, antes do remate do período de probas, copia de toda a documentación asociada á legalización das instalacións e un documento resumo que incluíra unha reportaxe fotográfica coas características dos elementos instalados e un vídeo de



todas as actuacións executadas. Os custes correrán por conta do adxudicatario.

3. O adxudicatario ten a obriga de nomear un técnico que se responsabilice de informar sobre a estabilidade e seguridade dos elementos decorativos e ancoraxes instalados.
4. O adxudicatario deberá aportar unha Memoria con planos de detalle dos elementos decorativos, ancoraxes e soportes estruturais, así como o cálculo de sobrecargas por uso público e de vento en función do grado de exposición de todas as instalacións e normativa de cumprimento.
5. Establecer un servizo de garda formado por un retén de mantemento dispoñible as 24 horas do día durante todo o período do servizo, incluídos os festivos, e en especial os días de temporal e as noites dos días 24 e 31 de decembro e a tarde do día 5 de xaneiro.
6. Atender calquera incidencia que se produza na prestación do servizo nun prazo máximo de 60 minutos e repoñer os elementos danados no lote nº1 nun período máximo de 24 horas e no lote nº2 nun período de 4 horas.
7. Dispoñer dos medios necesarios para a prestación do servizo e subministración requiridos no PPTP.
8. En todos os elementos escritos de difusión, lendas, cartelería, sinalética etc, empregarase a lingua galega conforme ao establecido pola ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. Igualmente difundirase e promocionarase o uso da lingua galega nos recursos musicais de ambientación e cantos de nadal utilizados.
9. Realizar control e contaxe de número de visitantes diario no set nº1 (caseta de Papa Noel).
10. Presentar anualmente un proxecto decorativo de execución para a súa aprobación polo Servizo de Comercio antes do 31 de marzo do ano en curso, o cal será aprobado por devandito servizo antes do 31 de xullo. O proxecto que se presentará na segunda anualidade será con diferentes elementos e de características e custe similares ao proxecto inicial pero de temática distinta en relación ao lote nº1, con respecto ao lote nº2 se mantén a estrutura de conxunto, variándose os efectos visuais lumínicos do mesmo. Nas seguintes anualidades, o proxecto deberá conter nova proposta de deseño con respecto aos dous lotes.

8.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA E SOLVENCIA TÉCNICAS



Consonte ao artigo 87 da LCSP, a solvencia económica e financeira deberá acreditarse polos seguintes medios:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:
 - Ao valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
 - Ao valor anual medio do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- Solvencia técnica e profesional:

O presente contrato, polo seu obxecto, é un contrato mixto que, atendendo ao volume das actuacións, debe considerarse que os servizos teñen unha incidencia aproximada no orzamento total do contrato dun 17,51 % do custe, mentres que os procesos derivados da subministración estímase nun 82,49% do custe total do contrato.

Consonte ao artigo 90 da LCSP, deberá acreditarse a solvencia técnica na parte relativa á prestación propia do contrato de servizos, polos seguintes medios:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 17,51 % dunha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato.

Se o contrato se licitase por lotes, a anualidade media será a do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste



certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

Consonte ao artigo 89 LCSP, a solvencia técnica deberá acreditarse na parte relativa á prestación propia do contrato de suministros, polos seguintes medios:

- Unha relación dos principais subministros realizados de igual o similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado.

Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros por importe igual ou superior ao 82,49 % dunha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato.

Se o contrato se licitase por lotes, a anualidade media será a do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador.

Para determinar se un subministro é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os subministros efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

- Integración da solvencia con medios externos

Cando unha empresa desexe utilizar as capacidades doutras entidades, deberá incluír no sobre A o compromiso escrito destas entidades para tal efecto.

MEDIOS MATERIAIS A ADSCRIBIR Á EXECUCIÓN DO CONTRATO

A/s mercantil/is adjudicataria/s deberá/n dispoñer dos medios necesarios para a prestación do servizo e subministración requeridos no PPTP

Para unha correcta prestación do servizo de mantemento durante o período navideño e así poder cumprir coa obriga de resolver calquera incidencia nun prazo máximo de 24 horas no caso do lote nº1 e 4 horas para o lote nº2, deberase dispoñer dun local de almacenaxe dos materiais e dos equipos de traballo que se atope a unha distancia máxima que posibilite o desprazamento nun tempo.

HABILITACIÓN PROFESIONAL

A habilitación profesional debe quedar acreditada presentando o certificado de empresa instaladora de equipos e instalacións eléctricas, expedido pola Delegación



de Industria.

CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES

De conformidade co artigo 77 da LCSP e 37 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas no presente contrato non procede fixar clasificación alternativa.

9.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN

O carácter esencial dos criterios de avaliación no desenvolvemento do procedemento de adxudicación dun contrato, de acordo co recollido no artigo 145.6 LCSP, busca definir un proceso baseado en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de competencia efectiva.

En relación aos aspectos que deben de identificar aos criterios de avaliación e, toda vez que o proxecto decorativo incide máis directamente sobre as cuestións de carácter estético, sen pormenorizar os aspectos máis funcionais como son os procesos de instalación, mantemento, iluminación e ambientación, considérase oportuno estipular unha fase de avaliación de criterios mediante xuízo de valor que teñan como obxectivo identificar, entre as ofertas presentadas, aquelas que xustifiquen un maior grado de coñecemento dos licitadores en relación aos devanditos aspectos necesarios para unha correcta execución do contrato

Polo exposto, establécese a seguinte proposta de criterios de valoración aplicables a cada un dos lotes:

- a.- En relación aos criterios avaliados mediante **xuízo de valor**, terán unha puntuación máxima de **45 PUNTOS** (45 % de puntuación total).
- b.- En relación os criterios avaliados a **través de fórmula**, terán unha puntuación máxima de **55 PUNTOS** (55 % de puntuación total).

Por conseguinte, para poder identificar a oferta máis vantaxosa, procederáse a avaliar as ofertas, de acordo cos criterios que se definen a continuación para determinar cal é a que presenta a mellor relación calidade-prezo.

9.1.- Criterios avaliados mediante xuízo de valor:

a) Criterio 1º.- Proposta dos procesos operativos da instalación. Valorarase con ata **13 puntos**.

A importancia na ponderación deste criterio, radica na proposta que farán as empresas concursantes, na medida que reflicte o grado de coñecemento da instalación dos elementos posto que acredita a viabilidade da execución dos prazos establecidos.



Para os efectos de valorar a capacidade de organización dos traballos e o coñecemento dos condicionantes particulares destes, o licitador deberá presentar unha memoria descriptiva e gráfica das operacións propostas para as instalacións dos elementos indicados, identificando os condicionantes para o desenvolvemento da instalación, os medios adscritos e un cronograma da execución, coherente, completo e pormenorizado da organización dos traballos e actividades necesarias para a instalación dos elementos vexetais e non vexetais nos emplacementsos definidos no proxecto decorativo.

b) Criterio 2º.- Proposta detallada da iluminación dos elementos decorativos: Valorase ata **10 puntos**.

Convén ponderar este criterio xa que a iluminación, tanto estática como a dinámica dos elementos Navideños, vai ser conxuntamente coa súa forma, o elemento máis importante a considerar para a captación de cidadáns e foráneos.

Asemade, tamén cabe resaltar a tecnoloxía de iluminación proposta polos concursantes, xa que dará unha idea dos coñecementos e calidade das ofertas presentadas.

Os licitadores deberán na súa proposta detallar as características técnicas da instalación eléctrica (sección de condutores, proteccións, cadro de mando, potencia, tecnoloxía da iluminación, etc) así como detalle da instalación da iluminación. En todo caso, sempre co cumprimento dos mínimos establecidos no proxecto decorativo e co Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.

c) Criterio 3º.- Proposta detallada da ambientación de carácter musical e animación. Valorase ata **9 puntos**.

O proxecto soamente define as características mínimas de potencia e frecuencia dos equipos, sen entrar nas súas características e tecnoloxía, nin nos métodos de animación e os efectos que producirán sobre os elementos instalados e a súa sincronización, cuestións éstas de relevancia no conxunto ornamental.

Os licitadores deberán detallar na súa proposta os equipos de audio a instalar (potencia, tecnoloxía de son, alimentación eléctrica, proteccións) e os métodos de animación dos elementos e os efectos que producen.

En todo caso, sempre co cumprimento dos mínimos establecidos no proxecto decorativo e co Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.

Tanto a música como a animación deberán ser acordes coa temática do Nadal.

d) Criterio 4º.- Proposta dos procesos de mantemento. Valorase con ata **13 puntos**.

A relevancia deste criterio radica na importancia de conseguir un mantemento preventivo e correctivo dos elementos ornamentais en aras de garantir o maior grado de seguridade na vía pública e, en consecuencia menor risco cara a cidadanía.

O licitador deberá presentar unha memoria descriptiva e gráfica, do plan de



mantemento, que deberá corresponderse cun plan específico para as instalacións obxecto deste contrato e deberá desenvolver as actuacións de mantemento preventivo e correctivo, con definición de fichas de traballo, periodicidades e criterios de seguimento e avaliación.

9.2.- Criterios avaliados mediante fórmula:

Para o proceso de avaliación mediante fórmula, óptase pola identificación dos seguintes criterios que de forma global representan aspectos relevantes e identificadores de calquera das propostas presentadas e que teñen unha incidencia directa sobre o custe dos servizos a realizar.

Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de CINCOENTA E CINCO **(55) PUNTOS** que serán distribuídos nos seguintes criterios:

a) Criterio 1º: Prezo ofertado para o contrato.

Valorarase ata un máximo de **25 puntos** a oferta máis vantaxosa economicamente en relación coa baixa ofertada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros e sen IVE)

As empresas concursantes deberán incluír na súa oferta un cadro de custes onde xustifiquen o prezo ofertado co seguinte detalle:

- Custe de man de obra, do persoal adscrito ao contrato.
- Custe dos vehículos adscritos ao contrato (combustible, seguros...).
- Custe dos elementos vexetais instalados e o seu mantemento.
- Custe dos elementos non vexetais instalados e o seu mantemento.
- Custe de legalización das instalacións.
- Custe da redacción do proxecto decorativo de execución.
- Gastos xerais e beneficio industrial.

Para a elaboración do cadro de custes as empresas licitadoras tomarán como referencia o presuposto incluído no proxecto decorativo.

b) Criterio 2º: Melloras ofertadas. Valoraranse con ata **26 puntos**, distribuídos do seguinte modo;

1. Inclusión na oferta de réplicas de cada set do Lote 1 e incremento de réplicas das figuras no Lote 2: valorarase ata 22 puntos

LOTE 1º

Valorarase de maneira proporcional ata un máximo de **22 puntos** a oferta dunha réplica de cada set dunha superficie mínima dun 20% e máxima de ata un 50% do mesmo, que se executará no lugar indicado polo servizo municipal de Comercio, no entorno de rúas adxacentes e dentro dun radio de 500 m, da ubicación do set obxecto de réplica.

As figuras decorativas vexetais e non vexetais incluídas na superficie ofertada a maiores, deberán ser proporcionais e acordes a dita superficie, e dicir para unha superficie a maiores do 50% corresponderíalle a metade das figuras (arbores,



elementos decorativos, tepe, etc) recollidas no proxecto.

No caso de que o set se compoña dunha única figura, as dimensións da mesma seran acordes e proporcionais a superficie ofertada a maiores.

Outorgarase a máxima puntuación a oferta de maior superficie ou tamaño (no caso de figura única) puntuándose as demais de maneira proporcional ao tamaño ou superficie ofertada.

Tendo en conta as características do entorno da zona a decorar, detállase a continuación o reparto de puntos, sobre a superficie a maiores, deste criterio:

TIPOLOXIA	PUNTOS
SET Nº 1.- Caseta do Nadal: rúa Progreso entronque con rúa Príncipe.	3
SET nº 2.- Nenos cantores: rúa Príncipe (diante fachada do Museo MARCO).	2
SET nº 3.- Pobodado navideño: Rúa Príncipe (próximo rúa V. Moreno).	3
SET Nº 4.- Monecos de neve: Rúa Eduardo Iglesias (mediana entre rúa Príncipe e rúa Progreso)	2
SET Nº 5.- Farol xigante: Rúa Príncipe (entre rúas E. Iglesias e rúa L. de Neira)	2
SET Nº 6.- Camelo Real: Rúa Príncipe (próximo rúa López de Neira)	2
SET Nº 7.- Libro xigante: Rúa Príncipe (próximo rúa Lugo)	3
SET Nº 8.- Tren do Nadal: Porta do Sol.	3
SET Nº 9.- Árbores colgantes Praza da Constitución	2
TOTAL	22

LOTE Nº2

Valorarase de maneira proporcional ata un máximo de **22 puntos** as réplicas ofertadas das figuras do lote 2 cun máximo de dúas unidades no set nº10 e tres unidades para o set nº11, coas seguintes medidas, instaladas nun radio de 500 mts do entorno da rúa Príncipe:

TIPOLOXIA	PUNTOS
SET N.º 10.-Boneco de neve (3D, 1,5 mts de altura). Máximo 2 Ud	10
SET N.º 11.-Caixa de agasallo (3D, 1,5 x 1,5 x 1,5 mts). Máximo 3 Ud	12
TOTAL	22

2. Incremento da porcentaxe de elementos de de stock para a substitución ou intercambio da proposta realizada.

Os licitadores ofertarán na súa proposta unha porcentaxe de incremento do compromiso dun stock de elementos para a substitución ou intercambio da proposta realizada, sobre o mínimo esixido no apart. 2.3 do PPTP (10%), e valorarase ata un máximo de **CATRO (4)** .



-Por cada 1% de incremento sobre o mínimo esixido outorgarase **UN (1) punto ata un máximo de CATRO (4) puntos.**

c) Criterio 3º. - Calidade.

Valorarase ata **CATRO (4) PUNTOS** a presentación dos certificados de calidade ISO 9001-UN (2 puntos) e calidade ambiental 14001- UN (2 puntos).

9.3.- Valoracion dos criterios avaliados mediante fórmula.

Os criterios avaliados mediante fórmula, valorarase da seguinte forma:

1º.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada en prezo, obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenarase por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa



Vrb: valor referencia das baixas

- c) **Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

2º.- Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración (aumento prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control da calidade, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia dos incrementos.

- a) **Cálculo do valor referencia dos incrementos (Vri):**

O valor do incremento ofertado obtérase restando ao valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Administración.

As ofertas ordenarase por orde decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

- b) **Para valorar incrementos inferiores ao Vri** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vri}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de incremento

Vri: valor referencia dos incrementos

- c) **Para valorar incrementos iguais ou superiores ao Vri** aplicarase a seguinte fórmula:



$$P = 0,80 * P_{mx} + \frac{0,20 * P_{mx} * A}{B}$$

Onde:

P_{mx}: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri

3.- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

4.- Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.

5.- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor da oferta que inclúa un menor prezo.

En segundo lugar, a favor da empresa que obtivese a maior puntuación nos criterios avaliados mediante xuízo de valor, por orde de importancia en canto á maior ponderación asignada en cada un dos criterios. En caso de que se asine idéntica ponderación aos criterios, pola orde establecida.

De persistir o empate, resolverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao imposto pola normativa vixente. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorre en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Se continuase o empate aplicarase o resto dos criterios de desempate regulados no artigo 147.1 da LCSP segundo a orde que nel se establece.

Devanditas fórmulas, que se levan usando varios anos por esta Administración sendo admitidas por Intervención, son proporcionais e outorgan a maior puntuación á oferta que presenta mellor prezo ou maior incremento de superficie e de stock.

9.4.- Cadro resumo ca valoración dos criterios:

LOTE 1.-

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		PUNTUACIÓN
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XÚIZO DE VALOR		45
Proxecto decorativo	Procesos operativos da instalación	13
	Procesos de mantemento.	13
	Iluminación dos elementos decorativos	10
	Proposta detallada da ambientación	9
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA		55
Redución do prezo		25
Melloras		22



Incremento de stock de seguridade	4
Calidade	4
TOTAL	100

LOTE 2.-

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		PUNTUACIÓN
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR		45
Proxecto decorativo	Procesos operativos da instalación	13
	Procesos de mantemento.	13
	Iluminación dos elementos decorativos	10
	Proposta detallada da ambientación	9
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA		55
Reducción do prezo		25
Melloras		22
Incremento de stock de seguridade		4
Calidade		4
TOTAL		100

10.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS

1.- Considerarase que a proposición contén ofertas anormalmente baixas nos seguintes casos:

- a) **Se o contrato debe adxudicarse tendo en conta un único criterio de valoración que sexa o prezo**, se aplicarán os parámetros obxectivos que se se prevexan regulamentariamente.
- b) **Cando a adxudicación deba facerse tendo en conta máis dun criterio de adxudicación**, considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa en porcentaxe. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.



- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

11.- CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, segundo a cal “*será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de cando menos unha das condicións especiais de execución de entre as que enumera o apartado seguinte*”, establécese neste contrato a seguinte condición especial de execución de tipo social:

- A adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.

Á condición especial de execución ven recollida no artigo 202.2 da LCSP e se esixe neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política social. Inclúense así algúns dos aspectos sociais recollidos na guía de Adquisicións Sociais da Comisión Europea (oportunidades de emprego, traballo digno, cumprimento cos dereitos sociais e laborais, inclusión social e igualdade de oportunidades).

Esta “contratación estratéxica”, plasmada nas novas Directivas de Contratación, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas en áreas que se consideran esenciais, contribuíndo a mellorar o cumprimento das leis sociais e laborais, a estimular mercados con conciencia social, demostrar habilidades de gobernanza sensibles aos aspectos sociais, fomenta a integración de grupos significativos na sociedade, como son as persoas con discapacidade, en actividades claves do mercado, e garantir gastos públicos máis eficaces e eficientes con maior afectación real ás persoas ou colectivos máis desfavorecidos.

12.- PRAZO DE GARANTÍA

Dadas as características do tipo de contrato, non procede establecer prazo de garantía.

13.- SUBCONTRATACIÓN

1. O contratista poderá subcontratar a execución do contrato.
2. A subcontratación rexerase polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 e a



Disposición Adicional quincuaxésima primeira da Lei de Contratos do Sector Público.

3. Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 215.2 da LCSP, se produza unha falta de acreditación da aptitude do contratista ou das situacións determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, imporase ao contratista algunha das seguintes consecuencias:
 - Unha penalidade de ata un 50% do importe do subcontrato, que se fará efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía definitiva, conforme ao previsto no artigo 194.2 da LCSP.
 - A resolución do contrato, sempre e cando incumprise a obriga principal do contrato.

14.- RESPONSABLE DO CONTRATO

O responsable do contrato será o xefe do Servizo de Comercio, asistido técnicamente polo Xefe da Área de Servizos Xerais conforme á instrución de servizos da Area de Xestión Municipal de data 09/01/2018, (expte 5271/106).

15.- RÉXIME DE PAGAMENTO

O pago dos servizos efectuarase logo de que o adxudicatario presente as correspondentes facturas, que serán conformadas polo xefe do servizo xestor. O importe anual do contrato dividirase en tres fases, do seguinte xeito:

Primeira fase: a factura emitirase dentro dos 15 días despois da data do inicio do período de ornamentación e acendido. O importe da primeira fase terá como límite o importe de 272.367,74€ (IVE incluído), aplicándose o porcentaxe de baixa realizado na oferta adxudicada.

Segunda fase: a factura emitirase dentro do mes seguinte á finalización do período de desmonte, previa presentación dunha memoria completa dos servizos prestados e de maneira especial sobre a montaxe do deseño instalado. Dita factura terá como límite o importe de 63.641,93 € (IVE incluído), aplicándose a porcentaxe de baixa realizada na oferta adxudicada.

Terceira fase: a factura emitirase dentro do mes seguinte á presentación do proxecto. Dita factura terá como límite o importe de 4.450 € (IVE incluído), aplicándose a porcentaxe de baixa realizada na oferta adxudicada.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase



adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

- UNIDADE TRAMITADORA: GE0000662 COMERCIO
- OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN
- ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

16.- SEGURO

Procede a constitución dun seguro de responsabilidade civil por parte do contratista para facer fronte aos danos pessoais, materiais e perxuízos patrimoniais puros producidos a terceiros durante todo o período da campaña do Nadal, incluídas as fases de montaxe e desmontaxe, así como na fase de funcionamento dos elementos instalados conforme a este contrato.

O seguro será cando menos por importe de un millón de euros 1.000.000 € por siniestro e un sublímite por vítima de 400.000 €, con vixencia, cando menos, durante o tempo que dure o contrato. Además dispondrá das seguintes coberturas: RC General, RC Patronal, RC Subsidiaria Subcontratistas, RC Post -trabajos e Productos, Defensa e Fianzas civiles y penales."

17.- LUGAR DE ENTREGA

Nos espazos que se detallan a continuación que son os indicados no PPT do termo municipal de Vigo:

LOTE Nº 1:

SET Nº 1.- Rúa Progreso entronque con rúa Príncipe.
SET nº 2.- Rúa Príncipe (diante fachada do Museo MARCO).
SET nº 3.- Rúa Príncipe (próximo rúa V. Moreno).
SET Nº 4.- Rúa Eduardo Iglesias (mediana entre rúa Príncipe e rúa Progreso)
SET Nº 5.- Rúa Príncipe (entre rúas E. Iglesias e rúa L. de Neira)
SET Nº 6.- Rúa Príncipe (próximo rúa López de Neira)
SET Nº 7.- Rúa Príncipe (próximo Trav. Aurora)
SET Nº 8.- Porta do Sol.
SET Nº 9.- Praza da Constitución

LOTE Nº 2

SET Nº 10.- Radio de 500 mts do entorno da rúa Príncipe.
SET Nº 11.- Radio de 500 mts do entorno da rúa Príncipe.

18.- OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA REDACCIÓN DO PCAP

Incumprimentos contractuais e Penalidades

Concello de Vigo-servizo de Comercio 36202-Vigo-Tlf.986.810.153 -E-mail:jose.hermida@vigo.org páxina 23 de 26



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/07/2018 10:30	Páxina 23 de 26
Expediente 5481/106	CSV: 2DE75H-B8B15E-3AA63H-AU3NAB-RPG86S-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Os incumprimentos contractuais cometidos durante a execución do contrato tipificaranse como leves, graves e moi graves, conlevando as seguintes penalidades:

1.- Entre outras, consideraranse como incumprimentos leves cunha penalidade de **1.000€** as seguintes:

- a) Tardar máis tempo en atender unha avaría, detectada por calquera medio, que o requerido no prego, pero reparala no tempo establecido no prego.
- b) Ter o stock de seguridade por debaixo do 100% do requerido no contrato pero por encima ou igual do 90%, durante tres xornadas consecutivas.
- c) Non dispor dos elementos suficientes para atender ao requerido polo Concello dunha figura concreta das ofertadas no proxecto decorativo do licitador durante o período de montaxe.
- d) Non detectar, e polo tanto non reparar, un elemento decorativo cun índice de lucimento inferior ao requirido no prego pero igual ou superior ao 50% durante dúas noites consecutivas.
- e) Non detectar, e polo tanto non recolocar, un elemento decorativo desorientado da súa posición orixinal durante dúas noites consecutivas.
- f) Non permitir a inspección do stock de seguridade polos técnicos municipais durante unha xornada de traballo.

2.- Entre outras, consideraranse como incumprimentos graves cunha penalidade de **5.000€** as seguintes:

- a) O tardar máis tempo en reparar unha avaría detectada que o establecido no prego pero reparala na mesma noite.
- b) Non detectar, e polo tanto non reparar, un elemento decorativo cun índice de iluminación inferior ao 50% durante unha noite.
- c) A acumulación de dous incumprimentos contractuais leves nuha noite.
- d) Ter o stock de seguridade por debaixo do 90% do requirido no contrato pero por encima ou igual do 60% durante tres xornadas consecutivas.
- e) O non dispor dos elementos suficientes para atender ao requirido polo Concello de cinco figuras concretas das ofertadas no proxecto decorativo no período de montaxe.
- f) Non detectar, e polo tanto non reparar, un elemento decorativo descolgado da súa posición orixinal.
- g) Non permitir a inspección do stock de seguridade polos técnicos municipais durante tres xornadas de traballo non consecutivas.
- h) Non acatar as ordes de substitución de elementos ou materiais que non cumpran as condición pactadas no contrato.

3.-Entre outras, consideraranse como incumprimentos moi graves cunha penalidade de **10.000€** as seguintes:



- a) Tardar máis dunha noite en reparar unha avaría de xeito que un elemento quede apagado dúas noites consecutivas.
- b) Cada dúas noites dun elemento apagado supoñen un incumprimento contractual moi grave e acumulativa.
- c) A acumulación de dous incumprimentos contratuais graves na mesma noite.
- d) Ter o stock de seguridade por debaixo do 60% do requirido no contrato durante tres xornadas consecutivas.
- e) Non dispor dos elementos suficientes para atender ao requirido polo Concello de quince figuras concretas das ofertadas no proxecto decorativo no período de montaxe.
- f) Que un elemento decorativo cause danos a terceiros por descolgamento ou caída non imputable a causas de forza maior.
- g) Non permitir a inspección do stock de seguridade polos técnicos municipais durante cinco xornadas de traballo non consecutivas.
- h) Non atender no prazo de 30 días as reclamacións de danos que lle traslade o Concello ao adxudicatario.

Ademais do anterior considerárase incumprimentos contractual moi grave pero cunha penalidade especial de 10.000€/día, o non ter concluídas todas as instalacións obxecto deste prego ao final do período de montaxe, legalizadas e dispostas para facer as probas na data fixada na Cláusula 11, no apartado de período de acendido. Cada día de demora será valorado de xeito independente.

As penalidades deberán ser xustificadas mediante un informe técnico que será notificado á empresa e, serán impostas por acordo do órgano de contratación adoptado a proposta do responsable do contrato, o cal será inmediatamente executivo e, se farán efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista.

CAUSA ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Será causa específica de resolución do contrato a non conclusión de todas as instalacións obxecto do contrato ao inicio do período de acendido, perdendo o contratista os dereitos sobre as instalacións realizadas ata ese momento, sendo competencia do Concello a xestión das instalacións durante o período de acendido ata o final deste (o día 7 de xaneiro).

20.- PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

O Prego de Prescricións Técnicas anéxase a este expediente e atópase redactado en base ás peculiaridades técnicas da execución do obxecto do presente contrato, incluíndo como anexos a información complementaria coa descrición xeral das rúas e espazos públicos vinculados ao obxecto deste contrato, así como os requisitos técnicos para os elementos decorativos a instalar.

21.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE



Toda vez que o arquitecto Marcos Mosquera Arjona, redactou o proxecto decorativo de execución (expediente 5277/106), deberá ser excluído da licitación xa que non existe outro medio para garantir o cumprimento do principio de igualdade de trato.

22.- CONSULTAS PRELIMINARES AO MERCADO

Neste procedemento non se realizaron consultas preliminares ao mercado.

---ooOoo--

En consecuencia cos antecedentes descritos, propónse a, remisión da presente memoria xustificativa para a contratación dos servizos e a subministración en réxime de aluguer, e a redacción do correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.

Vigo a data da sinatura dixital,

O xefe do servizo de Comercio,
José Angel Hermida Fernández

O xefe da Área de Servizos Xerais
Álvaro Crespo Casal

CONFORME do concelleiro-delegado de Comercio

O CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE
PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ
E DISTRITOS

(resolución da Alcaldía de 19 de xuño de 2015)

Asdo. Ángel Rivas González

